



## **OFERTA DE TRABALLO TEMPORAL PARA CUBRIR OS POSTOS CREADOS AO ABEIRO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2023 EN ENTIDADES VECIÑAIS E/OU CULTURAIS (3ª CONVOCATORIA)**

O Centro Sociocultural A. R. de Valladares ofrece a posibilidade de optar a presentarse para cubrir os seguintes postos de traballo temporal, entre o 1 de xuño e o 31 de xullo do 2023.

### **1º.- CATRO MONITORES/AS DE TEMPO DE LECER, DURANTE 6 HORAS DIARIAS, NOS MESES DE XUÑO E DE XULLO**

**Titulación requirida: Monitor/a de tempo de lecer, Técnico@ en Animación Sociocultural, en Educación Infantil ou similar**

**Criterios de escolma para os postos, por orde de preferencia:**

1º.- Que teñan a titulación mínima requirida (primarase que dispoñan dun maior nivel de estudos académicos).

2º.- Dominio da lingua galega oral e escrita.

3º.- Si estes filtros non deixan un/ha único@ candidat@, será a entrevista persoal a que decida @ profesional que se contrate.

No caso de que @s candidat@s non cumpran os requisitos recurrirase a unha nova convocatoria pública, a oficina de Emprego ou a outras vías para cubri-lo posto.

### **CONDICIÓN IMPRESCINDIBLES:**

Non se admitirá como candidat@ a ningunha persoa que non resida no Concello de Vigo con anterioridade ó 1 de xaneiro do 2022, que non cumpra coa titulación requirida no posto, agás que ningún/ha candidat@ dispoña dela, e que non estea en situación de desemprego.

### **A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

A documentación entregárase, a ser posible, en man, nas oficinas do Centro, en horario de 9,30 a 14,30 e de 16,30 a 21,30, nun sobre pechado coa denominación do posto ó que se opta, cunha fotocopia da tarxeta de desemprego, cun volante de residencia ou de empadramento actualizado, Curriculum Vitae e vida laboral. Igualmente aportarán copia dos outros requisitos baremables, se os houber. Tamén se admitirán no correo-e: [cvallada@ctv.es](mailto:cvallada@ctv.es) ata ás 23,59 horas.

**Prazo de entrega da solicitude : do 23 ó 29 de maio, ambos inclusive.**

**Data da escolma: 30 de maio do 2023.**

Esta oferta tamén pode consultarse na Web: [www.valladares.tv](http://www.valladares.tv), na web municipal "Asociacións en Rede", (<http://asociacions.vigo.org>) ou nos taboeiros de anuncios do CVCV, do Departamento de Promoción Económica e Emprego e no do Centro de Iniciativas de Emprego do Concello de Vigo.

\* So se avisará @ candidat@ escolmad@

A XUNTA DIRECTIVA

SUBVENCIONA

CONCELLERÍA  
DE  
EMPREGO

CONCELLO  
DE VIGO



ESTRADA DE VALADARES Nº 261-36315 - VIGO  
TELF: +34 - (9)86 - 467053 FAX: +34 - (9)86 - 468679  
Http:[www.valladares.tv](http://www.valladares.tv) | E-mail: [cvallada@ctv.es](mailto:cvallada@ctv.es) CIF:G-36617082